



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Comunicación: Documentación audiovisual

Materia	Comunicación: Documentación audiovisual			
Código	P04G071V01107			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale FB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición				
Departamento	Psicoloxía evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Alende Castro, Silvia			
Profesorado	Alende Castro, Silvia			
Correo-e	salende@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é transmitirle ao alumno a importancia da Documentación no desenvolvemento da actividade dos profesionais da Comunicación, encádrese esta no campo da Información, a Ficción ou a Persuasión. E ao mesmo tempo, proporcionarles as técnicas documentais necesarias para o seu traballo futuro diario, coñecendo e manexando as fontes de información básicas que lles permitan contrastar datos e informacións.			

## Competencias

Código	
B3	Aplicar técnicas e procedementos da composición da imaxe aos diferentes soportes audiovisuais, a partir do coñecemento das leis clásicas e dos movementos estéticos e culturais da historia da imaxe.
B4	Expoñer os resultados dos traballos académicos de maneira escrita, oral ou por medios audiovisuais ou informáticos de acordo aos canons das disciplinas da comunicación.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.
B7	Asumir riscos expresivos e temáticos, aplicar solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos
C7	Coñecer e aplicar as técnicas de documentación audiovisual.
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D2	Comunicar por oral e por escrito na lingua galega.
D4	Adaptarse aos cambios tecnolóxicos, empresariais ou organigramas laborais

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
1. Recoñecer o papel e as funcións do departamento de documentación nun medio audiovisual.		C7	D1
2. Analizar, organizar e sintetizar a información	B4		D2
3 - Avaliar as diversas fontes de información e determinar a súa idoneidade de acordo co tipo de formato, medio e mensaxe a transmitir	B3 B6	C7	
4- Recoñecer o proceso documental e o uso de linguaxes documentais		C7	D1
5 - Utilizar distintos tipos de fontes de información para a elaboración de mensaxes informativas audiovisuais	B3 B5 B6 B7	C7	
6 - Comprender a importancia da precisión ao a hora de seleccionar, analizar, resumir e documentar os textos escritos e audiovisuais con vistas á súa posterior recuperación	B3 B6	C7	D4

<b>Contidos</b>	
Tema	
Tema 1. Introducción a documentación	A documentación como ciencia Funcións da documentación audiovisual Concepto de documento
Tema 2. A información e a documentación	Síntese e antecedentes históricos A documentación en España A labor documental nos medios
Tema 3. O proceso documental	Fases da canle documental Entrada, tratamento e posta a disposición do usuario dos documentos Características e procedementos
Tema 4. Fontes de información documental e bases de datos de bibliografía científica	O proceso de búsqueda Fontes de información Bases de datos
Tema 5. A documentación fotográfica	Fitos históricos O documento fotográfico Códigos icónicos e buscadores
Tema 6. A documentación radiofónica e televisiva	O ámbito documental na radio e a TV Tipos de documentos O arquivo
Tema 7. A documentación audiovisual e os medios dixitais	Preservación. A importancia do soporte e do formato Xestión dixital de contidos audiovisuais

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22	0	22
Prácticas de laboratorio	22	75	97
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	30	31

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	O docente presentará aos alumnos nas sesións presenciais os aspectos teóricos máis significativos da materia, proporcionaralles a información e a bibliografía necesaria para desenvolver os temas do programa, e así ter os coñecementos básicos para traballar e poder realizar os exercicios prácticos semanais. Nestas sesións proporcionarase ao alumno o mínimo necesario para desenvolver o seu traballo autónomo
Prácticas de laboratorio	Nas horas de docencia práctica os alumnos terán que realizar os exercicios propostos polo docente relacionados co desenvolvemento do contido teórico da materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Os alumnos recibirán os coñecementos teóricos nas sesións maxistras, que se desenvolverán nas clases teóricas semanais. O docente orientará ao alumno na correcta evolución na asimilación dos contidos da materia e atenderá ás preguntas e dúbidas expostas polo alumnado.
Prácticas de laboratorio	Todas as prácticas realizaranse co asesoramento e co seguimento individualizado do docente para resolver dúbidas e facilitar a aprendizaxe do alumnado.
Probos	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame sobre os contidos das leccións maxistras.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Prácticas de laboratorio	As prácticas cualifícanse de forma individual e supoñen un 40% da nota final. É obrigatoria a asistencia e a entrega de todos os traballos.	40	B3 B4 B6	C7	D1 D2
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame sobre os contidos das sesións maxistras.	60	B3 B4 B6		D1 D2

---

## **Outros comentarios sobre a Avaliación**

---

Observacións: é necesario aprobar o exame teórico cunha nota mínima dun 5 para poder facer media coas prácticas. No caso das prácticas de laboratorio, as faltas de asistencia non xustificadas restarán na nota final das mesmas.

---

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Caldera Serrano, Jorge y Arranz Escachar Pilar, **Documentación audiovisual en televisión,**

CARIDAD SEBASTIÁN, Mercedes; HERNÁNDEZ PÉREZ, Tony; RODRÍGUEZ MATEOS, David y PÉREZ LORENZO, Belén,,

**Documentación audiovisual Nuevas tendencias en el entorno digital.,**

CUADRA COLMENARES, Elena de la,, **Documentación cinematográfica,**

GALDÓN LÓPEZ, Gabriel (coord.),, **Teoría y Práctica de la documentación para comunicadores,**

LÓPEZ YEPES, José (Coord.),, **Manual de Ciencias de la Documentación,**

MALDONADO MARTÍNEZ, Ángeles (coord.),, **La información especializada en internet,**

SÁNCHEZ VIGIL, Juan Miguel y SALVADOR BENÍTEZ, Antonia, **Documentación fotográfica,**

### **Bibliografía Complementaria**

---

---

## **Recomendacións**

---

---

## **Plan de Continxencias**

---

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Non se contemplan modificacións nas metodoloxías docentes coa única salvedade de que os contidos teóricos poderán ser impartidos de xeito non presencial.

Os mecanismos non presenciais de atención ao alumnado (titorías) serán o despacho virtual do campus remoto no horario indicado e o correo electrónico.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Non se contemplan modificacións nos sistemas de avaliación máis aló da posibilidade de que algunha das probas de avaliación teñan que realizarse de xeito non presencial.

---